

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Tendo en conta os seguintes documentos, aos que debes referirte ao longo da túa exposición, debes elaborar unha redacción sobre a ditadura do xeneral Primo de Rivera, centrándote nos ámbitos político e económico. O golpe de Estado (Doc. 1), aprobado por Afonso XIII, pon fin ao réxime constitucional e instaura no goberno a un Directorio Militar que será sucedido en 1925 por un Directorio Civil (Doc. 2). Os éxito militares en Marrocos e un crecemento económico sustentado no nacionalismo e no intervencionismo (Docs. 3 e 4) non puideron evitar a caída do ditador en 1930, enfrenteado a unha crescente oposición (Doc. 5) e ao cambio de tendencia na concuxtura económica internacional.

*Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 2 de setembro de 2006.

DOC. 1. PRIMO DE RIVERA XUSTIFICA O GOLPE DE ESTADO.

Españois: chegou para nós o momento máis temido que agardado [...] de atender o clamoroso requerimento de cantes amando a Patria non ven para ela outra salvación que liberala dos profesionais da política, dos que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desventura e inmorralidades que comezaron no ano 98 e ameazan a España cun próximo fin tráxico e deshonroso [...].

Non vimos chorar mágoas e vergoñas, senón poñerelles axiña radical remedio, para o que requirimos o concurso de todos os bos cidadáns.

Para iso [...] constituírase en Madrid un Directorio Militar con carácter provisorio encargado de manter a orde pública [...].

Manifesto de PRIMO DE RIVERA, 13 de setembro de 1923

DOC. 2. CAMBIO DO DIRECTORIO MILITAR POR UN DIRECTORIO CIVIL.

O xeneral Primo de Rivera propón a Afonso XIII para substituír o Directorio Militar por un Directorio Civil (1925).

En suma, señor, para expoñer o meu pensamento clara e sinceramente, o que propoño a V. M. é a substitución dunha ditadura militar por outra civil e de organización más axeitada, pero non menos vigorosa. E permítome propoñelo así, recollendo a arela popular, que só teme do cambio de goberno que se debiliten os resortes do mando que foron carácter do Directorio militar, cuxa vida, como xenuína representación do exército e da mariña, que tan patrioticamente ofreceron o prestixio dos seus nomes corporativos a este arriscado labor, non debe levarse a momento de desgaste ou de quebranto; nin tampouco debe subtraerse por máis tempo ao país, na súa representación civil, que é a axeitada e tan manifestamente está da nosa parte, a participación e a responsabilidade na obra de reconstituirlo e reeducalo administrativa e políticamente.

PRIMO DE RIVERA 13 de outubro de 1925


DOC. 3. A ACTUACIÓN ECONÓMICA DA DITADURA.

José Calvo Sotelo expón e defende as liñas mestras da actuación económica da ditadura de Primo de Rivera.

As ditaduras propenden fatalmente ao intervencionismo. O seu omnímodo poder é incompatible coa inhibición [...]. O intervencionismo de Primo de Rivera abrangueu a agricultura, a industria, o mesmo comercio [...].

Primo de Rivera profesou un entusiasta nacionalismo económico que eu compartín co máis caloroso fervor. Pero o noso nacionalismo mantívose dentro de correctísimos límites. A xuízo do xeneral, España debía nacionalizar únicamente: a) as industrias para as que a primeira materia se obtén no noso territorio; b) as que dentro do ámbito nacional de consumo poden achar mercado suficiente de vida; c) as indispensables para asegurar a nosa independencia política nacional.

Mis servivios a España, de J. CALVO SOTELO, 1931



DOC. 4. INCREMENTO DA PRODUCIÓN EN ESPAÑA EN DIVERSOS SECTORES, 1922-1930.

Producción	1922	1930
Minaría e industria (base 1906/13=100)	84,7	144
Enerxía eléctrica (millóns de Kw)	1.040	2.609
Aceiro (toneladas)	326.136	953.673
Cemento (toneladas)	729.035	1.820.011

DOC. 5. UN REPUBLICANO DEBUXA A SITUACIÓN TRAS A DITADURA.

Rematada a ditadura, Ángel Ossorio, que sería deputado nas cortes republicanas, axuiza a situación de España.

E despois de seis anos longos de Ditadura, que queda en España? [...].

Roto o Exército con múltiples sublevacións sucesivas [...]; rota a Universidade, coas aulas pechadas [...]; rota a Facenda, coa moeda derrubada [...]; rota a Xustiza [...].

Todas as forzas lexitimas, rotas; pero, en troques, intactas todas as forzas nocivas [...]: o caciquismo en pé, as súas falanxes unidas; o sindicalismo revolucionario, latente e prevido; os extremismos nacionalistas, máis esaxerados ca antes; nin un só dos elementos da patoloxía nacional quedaron suprimidos ou atenuados.

ÁNGEL OSSORIO

Resposta modelo

O 13 de setembro de 1923, o capitán xeneral de Cataluña, **Miguel Primo de Rivera**, acudillou un **golpe de Estado** contra o governo constitucional que puxo fin ao sistema político da Restauración, afectado por unha profunda crise desde 1917. No Manifesto dirixido á nación española, Primo de Rivera anunciaba, logo de xustificar o pronunciamento na grave situación en que se atopaba España (conflictividade social, inestabilidade política, crise económica...), a constitución «en Madrid dun Directorio Militar con carácter provisorio encargado de manter a orde», como sinala o texto que se recolle no doc.1. Dous días despois, o 15 de setembro, o rei Afonso XIII encargaba ao xeneral, a quen outorgaba o cargo de presidente e ministro único, a formación dun novo goberno: o Directorio Militar ao que aludía o Manifesto, que constitúe a primeira etapa da ditadura de Primo de Rivera.

Presentada a ditadura como un **régime transitorio** que poñería fin aos males do país, liberándoo da «vella política» e do caciquismo e poñendo fin á subversión social e ao separatismo catalán, o golpe contou co **apoio** da oligarquía industrial e financeira, dos terratenentes e da Igrexa; ademais, os republicanos non se opuxeron e os socialistas (PSOE e UGT) permaneceron á expectativa, chegando a colaborar coa ditadura no seu momento; só os anarquistas e os comunistas se opuxeron frontalmente.

As primeiras medidas do **Directorio Militar** (1923-1925) foron a declaración do estado de guerra, a suspensión das garantías constitucionais e a disolución das Cortes, así como a violenta represión do movemento obreiro, sobre todo dos anarquistas e dos comunistas, e das manifestacións catalanistas; así mesmo, durante esta etapa aprobáronse os estatutos municipal (1924) e provincial (1925), que non serviron para solucionar os problemas derivados do caciquismo, senón que apenas serviron para substituír aos vellos caciques por unha nova administración adicta ao régime.

Resolto o problema de orde pública e solucionado con éxito o conflito marroquí tras a intervención franco-española de 1925, que levou a derrota de Abd-el-Krim en 1926, Primo de Rivera propuxo ao rei Afonso XIII a substitución do Directorio Militar por un novo Directorio Civil, integrado por **políticos de dereitas** como Calvo Sotelo, que contribuíse a «reconstruir e reeducar administrativa e políticamente» a España, como sinala na proposta recollida no doc. 2. Daquela, con esa proposta facíase evidente a intención do ditador de **perpetuar o régime**; unha intención contraria ao que el mesmo sinalara dous anos antes pero en consonancia coa fundación de Unión Patriótica en 1924, o partido co que buscaba consolidar unha base social que servise de apoio á ditadura. Neste sentido, os anos do **Directorio Civil** (1925-1930) caracterizáronse polo intento de institucionalizar e lexitimar a ditadura mediante a creación dunha Asemblea Nacional Consultiva e a elaboración dun Estatuto Fundamental da Monarquía, nome que se lle deu ao proxecto da nova constitución do régime que non se chegou a aprobar.

No **eido económico**, a ditadura baseouse nos principios do nacionalismo económico e do intervencionismo estatal, que segundo as reflexións de Calvo Sotelo recollidas no seu libro *Mis servicios a España* (1931) están indisolublemente unidos. Neste sentido, a política eco-

nómica da ditadura caracterizouse, en primeiro lugar, polo **fomento da industria nacional**, tanto mediante a concesión de grandes axudas ao empresariado coma mediante unha política arancelaria que beneficiase á producción nacional, o que se traduciun nun forte incremento da producción industrial en diferentes sectores estratéxicos; así, por exemplo, entre 1922 e 1930, como indican os datos recollidos na táboa que se presenta no doc. 4, a produción mineira e industrial aumentou arredor dun 60 %, un incremento relacionado seguramente co grande aumento da produción de aceiro e cemento, dúas materias primas moi relacionadas coa **construcción de infraestruturas** viarias e outras obras públicas (ao que fai referencia a mesma táboa), e a produción de enerxía eléctrica pasou de 1.040 millóns de Kw en 1922 a 2.609 millóns de Kw en 1930, o que tamén se ten que poñer en relación co aumento da actividade industrial e coa ampliación da rede eléctrica española. Así mesmo, ouíros dos eixes da política económica da ditadura foron a creación de grandes **monopolios estatais**, como CAMPSA (petróleos e derivados), CTNE (telefonía) ou RENFE (ferrocarril) e o **fomento das obras públicas** (estradas, ferrocarrís, encoros e portos), para o que se recorreu de xeito habitual á emisión de débeda pública.

Non obstante, nin os **éxitos militares en Marrocos** nin o **crecemento económico** nin os intentos de lexitimación da ditadura, puideron evitar a **caída do ditador**, enfrentado a unha **crecente oposición**, proporcional á paulatina perda de apoios, e ao cambio de tendencia na conxuntura económica internacional tras a crise de 1929, en 1930. Así mesmo, en tanto que, como sinalaba o deputado nas Cortes republicanas Ángel Ossorio, os seis anos de ditadura non serviran para resolver ningún dos problemas aos que se enfrentaba e, ao cabo, non serviría máis que para provocar a división do exército, a paralización da actividade universitaria, a desvalorización da moeda e a bancarrota da Facenda... (doc. 5), a caída do ditador non pudo evitar a caída de quen fora o seu máximo aval: o rei, polo que o 14 de abril de 1931 acabaría proclamándose a **II República**.



AFONSO XIII DESPACHA CON PRIMO DE RIVERA EN 1923.